

Coa finalidade de motivar a participación dos diversos colectivos admitidos para concursar, amplíase o abano de posibilidades temáticas admitidas baixo o epígrafe de *cartas de amor*. A modo de exemplo e suxestión, véxanse as que se citan de seguido:

- Amor real a persoa real ou ficticia (das persoas coñecidas non se dá o nome verdadeiro) (un compañeiro/a, unha veciña/o...).
- Amor platónico a persoa real ou ficticia.
- Amor ficticio a persoa real (Mario Casas, Jennifer Lawrence...).
- Amor ficticio a persoa ficticia.
- Amor místico.
- Amor fraternal (pai, nai, avó...).
- Amor tomado con sentido do humor: a un personaxe de cine ou literario, un obxecto (manequín, radiador...)
- ...

Valorarase especialmente a utilización de todo tipo de formulismos e tratamentos das clásicas cartas de amor.

O *EDLG* ten unha gran confianza en todos vós, e a esperanza de que vos animedes a participar e academos un gran éxito de participación nesta nova convocatoria.

Ánimo!


E que a candeloria a todos vos ilumine para acadar a máis bela expresión




INSTRUCCIÓN

1º paso) Escribir a carta →

2º) Introducir a tarxeta cos datos no sobre pequeno e pechalo:



3º) Introducir o sobre pequeno (cos datos) e a carta no sobre grande:



4º) Escribir no exterior do sobre grande os mesmos datos do sobre pequeno e pechalo.